PARLAMENTO DE GALICIA

[PLG/MSGN]

Acta da sesión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do día 19 de decembro de 2024

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, o día 19 de decembro de 2024, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noelia Pérez López
(Presidenta)
Ethel María Vázquez Mourelle
(Vicepresidenta)
Iria Carreira Pazos
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
Raquel Arias Rodríguez
Cristina Campero Dorado
(en substitución de Victor Manuel Baladrón Lamas)
Nicole Grueira Fernández
María Dolores Hermelo Piñeiro
Argimiro Marnotes Fernández
Cecilia Vázquez Suárez
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Ariadna Fernández González
María Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Iago Suárez Fernández
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Paloma Castro Rey
(en substitución de Silvia Longueira Castro)
María Elena Espinosa Mangana

Propoñente:
Rosana Pérez Fernández

Outros asistentes:
Carmen María Pomar Tojo
María Deza Martínez

Letrada:
Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

Ao inicio da sesión Ethel María Vázquez Mourelle, vicepresidenta, actúa como presidenta en funcións ata a incorporación da súa titular, ocupando a vicepresidencia en funcións mentres tanto Carmen María Pomar Tojo, e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Asemade, informa que, previa conformidade cos portavoces, suspenderase a sesión ás 11.25 horas para posibilitar a asistencia á convocatoria na escaleira exterior do Parlamento dun minuto de silencio contra a violencia de xénero logo do asasinato dunha muller en Viveiro.

Por último, previo acordo cos portavoces dos distintos grupos parlamentarios, dá conta dunha alteración na orde de debate das iniciativas que conforman a orde do día desta sesión, consistente en tramitar en primeiro lugar a proposición non de lei doc. núm. 11987 (1.3).

Punto único. Proposicións non de lei

1.3 11987 (12/PNC-001144)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa pretensión de que sexan as mutuas as encargadas das probas e tratamentos sanitarios das persoas en situación de incapacidade temporal por continxencias comúns
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 95f1, do 02.10.2024

Toma a palabra a **señora Prado Cores, María Montserrat (BNG)** para expoñer as razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A Presidencia informa que a esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios, toma a palabra en primeiro lugar a **señora Espinosa Mangana, María Elena (S)**, que amosa o seu desacordo con moitas das argumentacións expostas pola propoñente, polo que anuncia o voto desfavorable do grupo parlamentario que representa.

Nesta mesma rolda intervén a **señora Vázquez Suárez, Cecilia (P),** que motiva o posicionamento do seu grupo en contra desta iniciativa de impulso.

Na rolda de puntualizacións a **señora Prado Cores, María Montserrat (BNG),** non concorda coa intervención das voceiras que a precedeu no uso da palabra e insiste na

importancia da iniciativa.

Retómase a orde do día co debate da proposición non de lei:

1.1 6455 (12/PNC-000773)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar co fin de mellorar as prestacións sanitarias do Centro de Saúde de Arcade, en Soutomaior
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49f1, do 10.07.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha autoemenda de modificación do punto 2 por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 15598) e outra emenda de substitución do G.P. Popular de Galicia, (doc. núm. 15600), das que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copias dos citados documentos).*

Deseguido concédelle a palabra á **señora Castro Rey, Paloma (S),** que pasa a detallar os motivos que xustifican a presentación desta proposición non de lei ampliando os contidos na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento.

No decurso da anterior intervención incorpórase á sala a señora Pérez López, Noelia, e ocupa o seu posto na Mesa, polo que a señora Pomar Tojo, Carmen María, ocupa un escano co seu grupo parlamentario.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a **señora Hermelo Piñeiro, María Dolores (P)**, para explicar o sentido da emenda presentada polo seu grupo que agarda sexa tida en conta.

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes a **señora Carreira Pazos, Iria (BNG),** -logo de abandonar o seu posto de acordo co disposto no artigo 82 do RPG- amosa o voto favorable do grupo que representa.

Neste intre a Presidencia fai un receso para posibilitar a asistencia á concentración na escaleira exterior do Pazo do Hórreo en repulsa contra a violencia machista polo asasinato dunha muller no día de onte en Viveiro.

A Presidencia reinicia a sesión ás 11,40 horas e continúa coa rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida a **señora Castro Rey, Paloma (S),** critica a postura do grupo maioritario e argumenta as razóns polas que non acepta a emenda de substitución.

PARLAMENTO DE GALICIA

1.2 7976 (12/PNC-000852)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto das remisións, antes do 31 de marzo de 2025 e antes do 31 de marzo de 2026, das avaliacións respecto do cumprimento das accións marcadas a curto prazo do plan Obesidade Zero en Galicia e que fosen desenvoltas antes do remate dos anos 2023 e 2025, respectivamente
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 68, do 21.08.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de adición por parte do G.P. Popular de Galicia, (doc. núm. 15599), da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copia do citado documento).*

Deseguido concédelle a palabra á **señora Espinosa Mangana, María Elena (S),** que pasa a detallar os motivos que xustifican a presentación desta proposición non de lei ampliando os contidos na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a **señora Amigo Díaz, María Encarnación (P)**, explica o sentido da emenda presentada polo seu grupo e agarda sexa tida en conta.

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes a **señora Carreira Pazos, Iria (BNG),** amósase a favor da iniciativa.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida a **señora Espinosa Mangana, María Elena (S),** agradece o apoio á iniciativa e xustifica a non aceptación da emenda de adición.

A presidenta ocupa un escano co seu grupo parlamentario, polo que pasa a ocupar o seu posto a vicepresidenta, señora Vázquez Mourelle, Ethel María.

1.4 14067 (12/PNC-001373)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de lle reclamar a transferencia da recadación no IRPF das cotizacións dos traballadores/as autónomos en concepto de formación profesional
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 115f2, do 13.11.2024

A **señora Pérez López, Noelia (P),** expón os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa presentación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar a **señora Espinosa Mangana, María Elena (S)**, para motivar o posicionamento en contra do grupo ao que representa.

Deseguido intervén o **señor Suárez Fernández, Iago (BNG),** quen, logo de amosar diversas discrepancias coas anteriores intervencións, sinala que o seu grupo se vai abster na votación desta iniciativa.

Na rolda de puntualizacións a **señora Pérez López, Noelia (P),** non concorda con algúns argumentos expostos polas anteriores voceiras e insiste na importancia desta iniciativa.

Incorpórase á sala a señora Pérez Fernández, Rosana (BNG) que pasa a substituír a todos os efectos á señora Prado Cores, María Montserrat (BNG).

Auséntase da sala a señora Pérez López, Noelia e ocupa o seu posto a señora Vázquez Mourelle, Ethel María. Asemade, a partir deste momento a señora Pomar Tojo, Carmen María substitúe a todos os efectos á señora Pérez López, Noelia, e ocupa o posto de vicepresidenta en funcións.

1.5 14126 (12/PNC-001383)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat
Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe tomar no PAC do Centro de Saúde de Rianxo no que concirne á dotación do seu cadro médico e ao horario de atención
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 115f2, do 13.11.2024

A Presidencia informa que a esta iniciativa se presentou unha autoemenda de substitución (núm. 15591). A seguir concédelle a palabra á **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG),** que pasa a dar conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta proposta, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar a **señora Espinosa Mangana, María Elena (S**), que comenta o que se demanda na iniciativa, e o posicionamento do seu grupo a favor da mesma.

Nesta mesma rolda intervén a **señora Amigo Díaz, María Encarnación (P),** para dar conta dos motivos polos que o seu grupo non vai apoiar esta iniciativa.

Incorpórase á sala a señora Deza Martínez, María (P), que pasa a substituír a todos os efectos á señora Arias Rodríguez, Raquel (P).

Na rolda de puntualizacións a **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG),** amosa diversas discrepancias coa argumentación da anterior voceira e agradece o apoio expresado pola voceira do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

1.1 6455 (12/PNC-000773), do G.P. dos Socialistas de Galicia. A voceira do grupo maioritario solicita a votación separada do punto 2 , ao que non accede a propoñente, polo que se somete a votación o texto resolutivo orixinal coa modificación derivada da autoemenda (núm. 15598), que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 7 (G.P.S+BNG)
Votos en contra: ..... 9 (G.P.P)
Abstencións: 0

1.2 7976 (12/PNC-000852), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal. Resulta **aprobado pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes.**

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar, antes do 31 de marzo de 2025, a avaliación en canto a cumprimento das accións marcadas a curto prazo que tiveron que ser desenvoltas antes do finais do pasado ano (2023) do Plan Obesidade Zero en Galicia.

2. Presentar, antes do 31 de marzo de 2026, a avaliación en canto a cumprimento das accións do Plan de Obesidade Zero en Galicia, marcadas a medio prazo que deberán ser desenvoltas antes do finais do ano 2025.»

1.3 11987 (12/PNC-001144), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 5 (G.P.BNG)
Votos en contra: ..... 11 (G.P.P+S)

PARLAMENTO DE GALICIA

Abstencións: 0

1.4 14067 (12/PNC-001373), do G.P. Popular de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **aprobado** por:

Votos a favor:..... 9 (G.P.P)
Votos en contra: ..... 2 (G.P.S)
Abstencións: ..... 5 (G.P.BNG)

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para reclamarlle a transferencia da recadación de formación en IRPF que levan a cabo os autónomos.»

1.5 14126 (12/PNC-001144), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal coa modificación derivada da autoemenda (núm.15591). Resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 7 (G.P.BNG+S)
Votos en contra: ..... 9 (G.P.P)
Abstencións: 0

A presidenta deséxalles a todos boas festas e agradece o traballo dos servizos da Cámara.

Remata a sesión ás 13:15 horas.

Noelia Pérez López
Presidenta da Comisión

Noelia Pérez López

Firmado digitalmente por Noelia Pérez López
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Noelia Pérez López, email=noelia.perez.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.02.03 14:09:19 +01'00'

Iria Carreira Pazos
Secretaria da Comisión

Iria Carreira Pazos

Firmado digitalmente por Iria Carreira Pazos
Fecha: 2025.02.03 13:35:45 +01'00'